

Armando Requeixo



# O DEUS DA POESÍA

Nestes últimos meses publicáronse diversos volumes nos que a relación entre o fenómeno poético e o relixioso centrou toda a atención. Así sucede co libro "Os ríos pasan cheos de Deus", de Victorino Pérez Prieto, unha ampla escolma de poesía relixiosa e sobre tema relixioso —dende o Medioevo ata a actualidade— que viu luz no prelo noiés de Toxosoutos.

"Os ríos pasan cheos de Deus", que conta cun valioso prólogo de Xesús Portas Ferro e unha longa presentación do propio autor, reúne preto de cen poemas que, dende os tempos dos trobeiros galego-portugueses ata os nosos días, teñen deixado oír nos seus versos o sentir relixioso dende moitas diversas ópticas (poesía confesional, isto é, devotamente relixiosa, mais tamén poesía confesante, ou sexa, de contido relixioso). É, polo tanto, a primeira selecta de conxunto sobre esta temática que se realiza en Galicia, razón que xustifica o merecido aplauso para Pérez Prieto, quen amosa aquí o traballo calado de moitos anos na procura de textos e creadores abeirados ao fenómeno relixioso que deixaran pegadas do tal nas súas composicións, conducíndose, amais, para a súa escolla no manexo dun criterio triplo no que se tiveron presentes tanto a "calidade literaria", como a "calidade relixiosa" e mesmo o "carácter de oración" dos poemas.

Deixando a un lado o sempre es-

piñento tema das inclusións e exclusións de toda antoloxía —discusión estéril onde as haxa, pois existen, como mínimo, tantas escolmas posibles coma antoloxías— e obviando tamén o opinable da proporcionalidade entre autores na obra reproducida, detéctanse no libro certas apostas que talvez poidan non acabar de convencer a algúns. Entre elas, nomeadamente, a do propio título e, por extensión, a da concepción xeral do volume que, substituíndose "Poesía relixiosa en galego", insírese nas súas páxinas composicións de Gil Vicente, Camões, Antero de Quental, Guerra Junqueiro, Teixeira de Pascoas e así ata dúcia e media de nomes de autores lusos que, agás dende unha posición reintegracionista (que aquí non se percibe), non caxan en absoluto coa realidade literaria de noso e que, por máis que pretendan verse xustificadamente



O autor, antes da presentación da libro na galería Sargadelos / Foto: Carlos Carballera

cantigas medievais ou as edicións divulgativas manexadas de Rosalía, Ponal ou Amado Carballo, que se preferiron en detrimento dos poemas fixados en edicións críticas) e mais os

**"Cómpre agardar que tan laborioso quefacer se vexa no futuro complementado pola emenda de certas insuficiencias"**

despistes observables nalgúns das fichas bibliográficas que anteceden a obra dos autores e no propio estudo introdutorio (datos errados —así co nacemento de Cunheiro, por exemplo—, asercións inexactas como que "os pioneiros desta literatura de Nadal foron os poetas mindonienses", esquecendo a Escola catedralicia compostelá do XVII, ou que Luz Pozo Garza foi "a primeira muller en entrar na Real Academia Galega", entre outros).

Merecen ben demorada lectura as páxinas deste "Os ríos pasan cheos de Deus" de Victorino Pérez Prieto, pois constitúen un extenso e variado mostrario que resultará de indubidable interese tanto para lectores curiosos como para azevados seguidores da materia.

cantigas medievais ou as edicións divulgativas manexadas de Rosalía, Ponal ou Amado Carballo, que se preferiron en detrimento dos poemas fixados en edicións críticas) e mais os despistes observables nalgúns das fichas bibliográficas que anteceden a obra dos autores e no propio estudo introdutorio (datos errados —así co nacemento de Cunheiro, por

exemplo—, asercións inexactas como que "os pioneiros desta literatura de Nadal foron os poetas mindonienses", esquecendo a Escola catedralicia compostelá do XVII, ou que Luz Pozo Garza foi "a primeira muller en entrar na Real Academia Galega", entre outros).

Merecen ben demorada lectura as páxinas deste "Os ríos pasan cheos de Deus" de Victorino Pérez Prieto, pois constitúen un extenso e variado mostrario que resultará de indubidable interese tanto para lectores curiosos como para azevados seguidores da materia.

## LIBROS



Subtitulado "La verdadera historia de la mayor epidemia que ha asolado la península: los argentinos", este libro aborda con mucho sentido del humor la relación que los inmigrantes argentinos han establecido con su lugar de acogida, España, cuyos usos y costumbres no escapan, como no lo hace tampoco la idiosincrasia rioplatense, a la divertida y acerada crítica del autor. Hernán Casarini, quien por cierto ya se dio a conocer a través de otra novela, publicada también por Janés, "Más respeto que soy tu madre", y en páginas web y bitácoras, es hoy en día el azote de todos los lugares comunes y tópicos en los que se mueven los españoles y los argentinos. Pero azota con humor, con autocritica y riéndose, en primer lugar, de uno mismo, algo muy sano, por cierto.

Seix Barral edita por primera vez en

**Philip Roth**  
**Goodbye, Columbus**



Seix Barral edita por primera vez en castellano "Goodbye, Columbus", ópera prima del norteamericano Philip Roth, escritor que, antes o después, acabará por ganar el Premio Nobel de Literatura. Publicada originalmente en 1959, este volumen reúne una novela breve —de la que toma el título— que narra el idilio veraniego de dos jóvenes, Neri y Brenda, que se han criado en las antipodas de la estratificación social, y otros cinco relatos de muy diferente tono que tratan sobre el conflicto entre padres e hijos y amigos y vecinos de la diáspora judía norteamericana. Un libro que, ahora que puede el lector hispanohablante, es imprescindible.

**GOODBYE, COLUMBUS**

Philip Roth  
SEIX BARRAL / 19,50 euros

**Os ríos pasan cheos de Deus**

Victorino Pérez Prieto



**"Os ríos pasan cheos de Deus"**

Victorino Pérez Prieto  
Toxosoutos / 11 euros